

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO **Curso 2018-19 Educación Primaria**

Estimadas familias:

O 21 de maio publicouse no DOG, a ORDE do 9 de maio de 2018, a convocatoria de axudas para a **adquisición de libros de texto e material escolar** para o curso escolar **2018-19** destinadas ao alumnado matriculado en **Educación Primaria**.

Neste centro non se van a utilizar libros de texto o próximo curso escolar 2018-19.

Enviamos, pois, a información pertinente para a solicitude de axudas para adquirir material escolar.

➤ **MODALIDADES:**

– Axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria.

➤ **SOLICITUDE:** haberá un único anexo (**ANEXO I e II**) que poderá descargarse da páxina WEB do colexio ou solicitálo en secretaría. A solicitude presentarase debidamente cuberta e asinada, xunto coa documentación necesaria **dende o 28 de maio ata o 8 de xuño**. Este ano tamén se poderá realizar a solicitude a través da aplicación Fondolibros e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude. Despois haberá que imprimir a solicitude Anexo I e II e presentalos no centro debidamente asinados, xunto coa documentación (ou na Sede Electrónica da Xunta de Galicia).

➤ **REQUISITOS:** Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2018/19. Ter devolto os libros de texto adquiridos coas **axudas do curso 2017/18 antes do 20 de xuño**, excepto os alumnos de 1º e 2º de primaria. A falta de devolución dos libros é causa de exclusión das axudas.

➤ **CONTÍA DAS AXUDAS:** enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. A declaración da renda será a do ano **2016** e para os efectos do cálculo da renda familiar, sumaranse os **recadros 392** (base imponible xeral) e o **405** (base imponible do aforro) da declaración. Logo dividírase entre os membros da familia. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio **2016**. Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

A renda per cápita familiar no ano **2016** que deberán ter as familias para acceder á convocatoria:

Axudas para adquirir material escolar (toda primaria):

– **Só renda* per cápita igual ou inferior a 5.400 € 50 €**

* O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

➤ **OBRIGAS DAS PERSOAS SOLICITANTES:** **1.** Aceptar as bases da convocatoria e cumprir os requisitos exixidos nela e que sexan certos todos os datos indicados na solicitude. **2.** Devolver os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2017/18; o alumnado de 1º e 2º de EP, de EE ou con discapacidade igual ou superior ao 65 % só cando se poidan reutilizar. A falta de devolución será causa de exclusión da participación nas axudas para adquirir material escolar no curso 2018/19. Destinar o importe do vale para material escolar á adquisición de material escolar que necesite.

➤ **DOCUMENTACIÓN (orixinal e fotocopia da documentación e estar en vixencia):**

a) Identidade: achegarase copia do DNI ou NIE dos membros computables da unidade familiar, cando non autoricen a consulta telemática.

b) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar: no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día **31 de decembro de 2016**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento

acreditativo do número de membros da unidade familiar, tales como: 1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. 2. Certificado ou volante de convivencia. 3. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia. 4. Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no cal deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Grao de discapacidade. Achegarase o certificado acreditativo do grao de discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación. O grao de discapacidade igual ao 33 % tamén se poderá acreditar coa resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social de recoñecemento dunha pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou coa resolución de recoñecemento dunha pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, cando non autorice a consulta telemática.

d) Renda familiar. Achegarase copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, do certificado tributario de imputacións dos membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante correspondente ao **exercicio 2016**, cando non autorice a consulta telemática.

e) Violencia de xénero. Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

f) Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

g) Discapacidade igual ou superior ao 65 %. As solicitudes irán acompañadas unicamente da documentación acreditativa da identidade da persoa solicitante, cando non autorice a consulta telemática e do certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación.

h) Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia. As solicitudes irán acompañadas unicamente da documentación acreditativa da identidade da persoa solicitante, cando non autorice a consulta telemática, e da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.

- **RESOLUCIÓN DAS AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR:** o **25 de xuño** publicaremos na páxina WEB do centro a relación de solicitudes admitidas.
- **CHEQUES:** Os vales das axudas de material escolar poderán recollerse no colexio **unicamente o día 29.**
- **AXUDAS NA ESO:** Para o alumnado de 6ºEP que promociona á ESO deberán solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e participación no fondo solidario no momento de realizar a matrícula no Instituto correspondente.
- **HORARIO SECRETARÍA:** para presentar a documentación ou para calquera aclaración, dirixirse a secretaría en **horario de 12h a 14h.**

A Dirección
Vincios, 25 de maio de 2018